

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **14 de maio de 2015**, adoptou o seguinte acordo:

5.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME DA AVDA. CLARA CAMPOAMOR PK 3+370 A PK 4+650. EXPTE. 73136/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13/05/15, dáse conta do informe-proposta do 12/05/15, do secretario da Mesa de Contratación que di o seguinte:

“

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que no se opoña ó Real Decreto Legislativo 3/2011.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por Procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clarea Campoamor PK 3+370 a PK 4+650. (expediente 73136-250).

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do día 6 de maio de 2015, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clarea Campoamor PK 3+370 a PK 4+650. (expediente 73136-250)” no seguinte orde decrecente:

	<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
1	CONSTRUCCIONES VALE S.L.	60,00
2	ORESA SL	56,63
3	STRADIA INFRAESTRUCTURAS SL	55,89
4	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	53,96

5	COVSA	53,57
6	OBRAS, TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRIA, S.L.	51,78
7	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	51,16
8	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL	50,37
9	MISTURAS, S.A.	49,97
10	NAROM SL	48,68
11	EXTRACO, S.A.	46,97
12	ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES SA	42,82
13	HORDESCON, S.L.	34,92
14	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	34,10

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, Construcciones Vale, S.L., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 671,14 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ó licitador clasificado en primeiro lugar o día 06 de maio de 2015, este presentou a documentación requirida o día 11 de maio de 2015

Terceiro.- Revisada a documentación presentada na sesión da Mesa de contratación de data 12 de maio de 2015, e dado que esta é correcta, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ó órgano de contratación a adxudicación do presente procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ó órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase ós licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar o presente contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de contratación. A proposta se realizará a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Terceiro.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar á Construcciones Vale, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras de reforzo da capa de rodadura do firme da avenida Clarea Campoamor PK 3+370 a PK 4+650 por un prezo de 89.947,09 euros. Todo iso de acordo co proxecto e os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a quince de maio do ano dous mil quince.

rs

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.